

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS (CITIC) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “**TALENTOS INCLUSIVOS**”

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

Don. **JULIO E. ABALDE ALONSO**, reitor da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña da que forma parte o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacóns (CITIC).



MANIFESTAN

Primeiro. Que con data 15 de setembro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa "Talentos Inclusivos"; Convenio que, como se dispón na súa cláusula primeira, "ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e o CITIC para o desenvolvemento do programa "Talentos Inclusivos" no curso 2022-2023 así como outras colaboracións nos ámbitos da atención á diversidade e das tecnoloxías dixital-stem".

Segundo. Que na cláusula segunda do citado Convenio establécense os compromisos que asume cada unha das entidades.

Terceiro. Que na cláusula décima do Convenio establécense que estará en vigor ata o día 31 de agosto de 2023, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Cuarto. Que os membros da Comisión Mixta constituída para o seguimento do Convenio, regulada na cláusula quinta, propoñen de forma unánime, a súa prórroga para o curso 2023-2024, mediante a correspondente addenda,

Por todo o anterior,

ACORDAN

Complementar o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento



do programa “Talentos Inclusivos” para achegar a tecnoloxía e a ciencia a mozos e mozas non universitarios para promover vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas), facéndoos partícipes de proxectos tecnolóxicos de utilidade social e de sustentabilidade, e por outra banda, a visibilizar ás persoas con Parálise Cerebral ou outra diversidade funcional, entre estudantes de ensino secundario e bacharelato regulados pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

CLÁUSULAS

Única. Modifícase o contido da cláusula décima quedando da seguinte forma: “Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2023-24, isto é o día 31 de agosto de 2024, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos”.

E, en proba de conformidade, asínase a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento.



POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES,

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA,

O CONSELLEIRO,
Román Rodríguez González

O REITOR
Julio Abalde Alonso

